



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

Calendario 2012

Reunión Dirección - Rep. Sindical (19/12/11)

Despois de ser presentado o calendario industrial 2012 o pasado día 14, hoxe tivemos unha nova reunión para concretalo. Pero para sorpresa nosa, a Dirección infórmanos que o Calendario ofrecido non admite modificacións, é dicir O IMPÓÑEN. Así pois:

- Os traballadores/as descoñecemos a *ubicación* dos días *que faltan* de adecuación de *xornada* (4 Sistema I e 2 Sistema II).
- *Non disporemos de días de disfrute individual.*
- *Será un calendario informativo MES a MES.*
- *Negan a información sobre as Produccións por vehículos* así como os Horarios.

Dende a C.I.G., e así llo manifestamos, estamos ante unha falla de sensatez e desprezo tanto ós propios traballadores/as como súa Representación Legal. Todos os Calendarios Laborais emanan dun programa da distribución da produción e os horarios laborais. No é comprensible que os provedores conten con máis información que os propios traballadores/as da Planta.

É a primeira vez na historia desta Fábrica, onde se impón un "almanaque" en substitución dun calendario laboral, negando o dereito á negociación que temos os Representantes dos traballadores/as. A C.I.G. ante esta imposición, realizará as correspondentes consultas xurídicas.

Varios:

- **Actualización Prezos**, Dende o mes de Xaneiro o prezo do Menú no Comedor pasará de 3'65 a 3'75 €, e o do Bocado pasará de 0'90 a 0'92 €.
- **No día de hoxe, novo Decretazo**, A Dirección quere impedir que os traballadores/as sexan acompañados ó Servizo Médico incluso polo propio Delegado/a de Prevención. Dende a C.I.G. esta é unha imposición contra a vontade do traballador/a que non imos aceptar.
- **A C.I.G.**, preguntou se realmente algúns traballadores/as de Pintura tiveran que alongar a súa xornada na Quenda de Noite do pasado venres máis alá das 8 horas de traballo. A Dirección reconece que si, quedando pendente de facilitarnos o número de afectados e o tempo de prolongación.

Como broche desta reunión fáísenos entrega ós presentes dunha Axenda PSA. É dicir, fomos por un calendario laboral para os traballadores/as e véñennos cun diario. Por suposto o noso alí lles quedou.

Confederación Intersindical Galega